

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

1362 *Real decreto 38/2019, do 1 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento de adquisición e perda da condición de militar e situacións administrativas dos militares profesionais, aprobado polo Real decreto 1111/2015, do 11 de decembro.*

A Subcomisión para o estudo do réxime profesional dos militares de tropa e mariñeiría das Forzas Armadas emitiu un informe, aprobado na Comisión de Defensa do Congreso o 27 de setembro de 2018. A proposta número 26 do citado informe establece que «se creará, para facilitar a incorporación laboral dos militares, unha excedencia por interese particular co obxecto de posibilitar a aceptación das ofertas de traballo que se poidan producir, tendo en conta os prazos perentorios que moitas veces se dan no mercado laboral».

Esta medida, que se estende tamén aos que queiran emprender como autónomos, pretende facilitar a plena incorporación ao mundo laboral dos militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal, conforme o mandato legal establecido no artigo 21 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, reducindo para este persoal o prazo de aviso previo mínimo para solicitar a excedencia voluntaria por interese particular e o tempo mínimo que deben permanecer nesta situación. Co mesmo obxectivo, establécese para este persoal un prazo de reserva do destino desde o pase á mencionada situación administrativa.

Por outra parte, desde a aprobación do regulamento que se modifica, observouse que un número importante de pilotos militares solicitou a excedencia voluntaria por interese particular para aceptar ofertas no sector aeronáutico civil antes de facer os doce anos de servizos, prazo estimado como idóneo tanto para compensar o gasto ocasionado na formación aeronáutica como para garantir a operatividade das unidades. Para corrixir esta situación elévase de dez a doce anos o tempo de servizos necesarios para poder acollerse á situación de excedencia voluntaria por interese particular tras a finalización de estudos do ensino de formación ou perfeccionamento que confiren a capacitación de piloto de aeronaves.

Finalmente, aclárase a definición de tempo de servizo, adecuándoa ao establecido no artigo 7.2 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.

Durante a súa tramitación, sobre o proxecto deste real decreto emitiron informe as asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, o Consello de Persoal das Forzas Armadas emitiu informe sobre el.

Este real decreto adécuase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa legislativa e a potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En tal sentido, a norma persegue un interese xeral ao crear unha nova modalidade de excedencia voluntaria por interese particular, cuxo fin é posibilitar a aceptación, por parte dos militares cunha relación de servizos de carácter temporal, das ofertas de traballo que se poidan producir, tendo en conta os prazos perentorios que moitas veces se dan no mercado laboral. Tamén, de acordo coas necesidades da formulación da defensa, increméntase o tempo de servizos necesarios para acollerse a esta situación tras a realización dos diferentes cursos que confiren a capacitación de piloto de aeronaves,

tendo en conta o custo da dita formación, que non se considera compensada cos actuais requisitos. A norma contén a regulación imprescindible para cumprir os seus obxectivos, é coherente co resto do ordenamento xurídico, non contén cargas administrativas para persoas ou empresas e procúrase coa ela a racionalización da xestión dos recursos públicos.

Así mesmo, conforme o artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o real decreto consta incluído no plan anual normativo de 2019.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de febreiro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de adquisición e perda da condición de militar e situacións administrativas dos militares profesionais, aprobado polo Real decreto 1111/2015, do 11 de decembro.*

O Regulamento de adquisición e perda da condición de militar e situacións administrativas dos militares profesionais queda modificado como segue:

Un. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 3, que queda redactado como segue:

«Para efectos deste regulamento, entenderase como tempo de servizo o transcorrido desde a adquisición da condición de militar profesional. No caso das escalas de tropa e mariñeiría, o inicio para o cómputo do tempo de servizos será o nomeamento como alumno do centro militar de formación, de acordo co establecido no artigo 7.2 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.»

Dous. Modifícase a letra c do número 2 do artigo 27, que queda redactada como segue:

«c. Para os pertencentes a calquera escala que ao accederen ao primeiro emprego dela teñan ou obteñan a capacitación de piloto de aeronaves, o prazo será de doce anos de servizos desde o acceso á escala en que se encontran.»

Tres. Modifícase a letra f do número 3 do artigo 27, que queda redactada como segue:

«f. Cursos que confiran por primeira vez a capacitación de piloto de aeronaves: doce anos.»

Catro. Modifícanse os números 5, 6, 7 e 8 do artigo 27, que quedan redactados do seguinte modo:

«5. Os militares de carreira permanecerán nesta situación un mínimo de dous anos.

6. Os militares de tropa e mariñeiría con compromiso de longa duración permanecerán nesta situación un mínimo de seis meses.

No caso de que ao final deste período se reincorporen ao servizo activo, non poderán solicitar outra excedencia voluntaria por interese particular até transcorren dous anos desde a última concesión da dita situación.

7. Os militares de tropa e mariñeiría con compromiso de longa duración poderán solicitar a excedencia voluntaria por interese particular para aceptar unha oferta laboral ou emprender como autónomo, o que deberán facer constar na solicitud, achegando o contrato de traballo ou un documento que acredite a existencia dunha oferta de traballo asinada polo oferente e dirixida persoalmente ao interesado ou a solicitud de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou no réxime especial da Seguridade

Social dos traballadores do mar. Neste caso o tempo de permanencia mínima na situación de excedencia reducirase a tres meses.

Neste suposto, o tempo de aviso previo mínimo para a presentación da correspondente solicitude será de quince días e aos militares reservaráselles o destino durante os catro primeiros meses.

Cando o tempo permanecido na última situación de excedencia voluntaria por interese particular fose inferior a un ano, o prazo para solicitar unha nova situación de excedencia por interese particular, cando sexa para aceptar unha oferta laboral ou emprender como autónomo, reducirase a un ano contabilizado desde a data de reincorporación á situación de servizo activo. En caso de que o tempo permanecido fose superior a un ano atenderase o disposto con carácter xeral no número 6 deste artigo.

8. Transcorridos dous anos nesta situación, de forma continua ou discontinua, permanecerase no escalafón correspondente no posto que ocupase nese momento e non será avaliado para o ascenso.

Ao cesar nesta situación finalizará a inmovilización no escalafón, pero a perda de posto será definitiva.

Poderá ascender durante os dous primeiros anos de permanencia nesta situación sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas na Lei 39/2007, do 19 de novembro.»

Cinco. Modifícase o número 3 do artigo 36, que queda redactado como segue:

«3. Para poder optar á provisión de postos na Administración civil deberán contar coa autorización previa e expresa do subsecretario de Defensa e contar con, ao menos, 20 anos de servizos, cuxo cómputo se realizará de acordo co establecido no artigo 3.»

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

1. Ao persoal que na data de entrada en vigor do presente real decreto se encontre na situación de excedencia voluntaria por interese particular seralle de aplicación a normativa anteriormente vixente.

2. Ás solicitudes de excedencia voluntaria por interese particular formuladas con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto seralles de aplicación a normativa anteriormente vixente, sen prexuízo do dereito dos interesados de desistir da súa solicitude e de formular unha nova ao abeiro desta nova regulación se esta lles é máis favorable.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de febreiro de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,
MARGARITA ROBLES FERNÁNDEZ